
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LOMCE

DEPARTAMENTO DE LATÍN

Curso 2022-2023
IES RODEIRA

ÍNDICE

Normativa legal	4
Obxectivos xerais da ESO LOMCE	4
Obxectivos xerais do bacharelato LOMCE.....	6
Contextualización	7
Programación de Latín LOMCE.....	8
Contribución da materia á consecución das competencias	8
LATÍN 4º ESO	11
1. Obxectivos.....	11
2. Contidos. desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe, temporalización, grao mínimo de consecución e criterios de avaliación.	12
3. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	20
4. Contidos mínimos esixibles	25
5. Avaliación inicial	26
6. Criterios de cualificación.....	27
7. Metodoloxía didáctica	28
8. Atención á diversidade	29
10. Elementos transversais	30
11. Contribución ao proxecto lector.....	30
12. Actividades de recuperación.....	30
13. Materiais e recursos.....	30
Latín no Bacharelato LOMCE.....	31
LATÍN 2º BACHARELATO.....	31
1. Contidos. criterios de avaliación. estándares de aprendizaxe. competencias clave.....	31
2. Secuenciación de contidos.....	36
3. Temporalización.....	36
4. Procedementos e instrumentos de avaliación. grao mínimo de consecución.	37
5. Metodoloxía e recursos didácticos que se van a aplicar	42
6. Criterios de cualificación.....	42
7. Mínimos esixibles	43
8. Medidas de atención á diversidade.....	43
9. Accións previstas de acordo co proxecto lector. latín ii	43
10. Actividades de recuperación	44
11. Alumnado repetidor.....	44
12. Elementos transversais	44
Programación de Grego LOMCE	45
1. Obxectivos xerais	45
2. Contribución da materia á consecución das competencias	45
GREGO 2º BACHARELATO	48
1. Contidos. criterios de avaliación. estándares de aprendizaxe. competencias clave. instrumentos e procedementos de avaliación. temporalización. grao mínimo de consecución.	48
2. Secuenciación de contidos e criterios de cualificación.....	55
4. Actividades de recuperación	56
5. Metodoloxía e recursos didácticos	57
6. Materiais e organización.....	58
7. Plan lector grego 2º bacharelato.....	58
8. Mínimos esixibles	58
9. Medidas de atención á diversidade	59

10. Alumnado repetidor.....	59
11. Elementos transversais	59
Materiais e recursos didácticos bacharelato	60
Accións do plan de integración das tic.....	61
Programación de educación en valores.....	61
Acción de contribución ao plan de convivencia.....	61
Actividades complementarias e extraescolares	62
Valiación do proceso de ensino e da práctica docente.....	63
Avaliación da programación didáctica.....	64
Avaliación das competencias claves	65
ANEXO	
Pendientes Cultura clásica 3º ESO LOMCE.....	66
Pendientes Latín I LOMCE.....	67
Pendientes Grego I LOMCE	69

NORMATIVA LEGAL

- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xullo)
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño)
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29 de xaneiro)
- RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO LOMCE

(DOG do luns 29 de xuño de 2015.)

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.
- l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade.

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO LOMCE

(DOG do 29 de xuño do 2015)

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos/as e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b. Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora da súa contorna social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- k. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

CONTEXTUALIZACIÓN

O número de horas do departamento son 23, distribuídas nas seguintes materias:

- Cultura Clásica en 3º da ESO (3 horas)
- Latín de 4º da ESO (3 horas)
- Latín I (4 horas)
- Latín II (4 horas)
- Grego II (4 horas)

Este curso recuperamos Grego de 2º de bacharelato, pero non houbo un número suficiente de matriculación en Grego de 1º de bacharelato, polo que non se forma grupo.

O alumnado que decide estudar humanidades o fai por unha ou dúas razóns fundamentais: vocación e/ou fuxida dos números.

En relación a lingua utilizada polo alumnado, animamos a que falen e traduzan en galego, xa que maioritariamente o fan en castelán.

PROGRAMACIÓN DE LATÍN LOMCE

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística debemos vincularla coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. Ao desenvolvemento da mesma, a materia de Latín contribúe de forma especial e significativa desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos que cursaron a materia adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, todo iso desde unha mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e creación de distintos tipos de mensaxes. A nosa materia achega ao desenvolvemento desta competencia, entre outras contribucións:

- Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e goce.
- Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
- Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
- Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
- Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.
- Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
- Fomento da capacidade creativa lingüística.
- Melloría na comprensión e a emisión de mensaxes orais e escritas.
- Melloría na motivación da aprendizaxe a partir da melloría na comprensión e expresión lingüística.
- Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.
- Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A contribución da materia de Latín a esta competencia céntrase en especial en desenvolver aspectos esenciais da formación dos alumnos, como son:

- Desenvolvemento da capacidade crítica e análise razoada de problemas e situacións.
- Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos.
- Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan.
- Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos.
- Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións.
- Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc.
- Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias.
- Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina.
- Promoción da investigación científica e achegamento aos métodos que lle son propios.

- Elaboración de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ao longo da historia.
- Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.
- Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.

Competencia dixital

Na materia de Latín, a contribución á competencia dixital é inherente á aprendizaxe da mesma, por canto o emprego das tecnoloxías dixitais convértese nun instrumento imprescindible no proceso de ensino-aprendizaxe da materia. Todo iso coa premisa da súa utilización creativa e crítica. Desta forma, a utilización das tecnoloxías dixitais na materia tradúcese nunha contribución clara ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos.
- Fomento do traballo colaborativo.
- Procura de información mediante motores de procura.
- Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais.
- Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos.
- Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.).
- Acceso e contribución ao coñecemento de dominio (wiki).
- Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.

Aprender a aprender

A materia de Latín debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando ao alumno na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo senta protagonista da súa aprendizaxe:

- Motivación por aprender.
- Organización e xestión da propia aprendizaxe.
- Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.
- Capacidade de aprendizaxe en grupo.

Competencias sociais e cívicas

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade romana supón unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E iso é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Roma ofrece ao alumno. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

- Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica.
- Análise de situacións para a resolución de conflitos.
- Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia.

- Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais.
- Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural.
- Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade.
- Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Habemos de ter en conta que esta competencia implica basicamente a capacidade que ten o alumno para transformar as súas ideas en actos. Ao desenvolvemento do proceso que implica esa transformación contribúe a materia de Latín mediante:

- Capacidade para pensar de forma creativa.
- Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.).
- Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- Comunicación e presentación de proxectos.
- Capacidade de traballo individual e en grupo.
- Capacidade de auto avaliación.
- Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para alcanzar os obxectivos planificados polo alumno.

Conciencia e expresións culturais

O coñecemento e achegamento á sociedade, á cultura, á literatura, ao pensamento e ás manifestacións artísticas da Roma antiga contribúe de maneira especial ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga.
- Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea.
- Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno.
- Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas.
- Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia até a cultura e a arte contemporánea.
- Desenvolvemento de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

Na seguinte táboa establécense as conexións existentes entre os obxectivos da materia Latín II e o desenvolvemento dunha determinada competencia.

LATÍN 4º ESO

1. OBXECTIVOS

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
3. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
6. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
9. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
10. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

2. CONTIDOS. DESENVOLVEMENTO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

As aprendizaxes imprescindibles para adquirir as competencias en caso de docencia non presencial están subliñados neste apartado.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances						
f ñ o	B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT CCEC CAA CD CSC	50%	1º Trimestre
e ñ o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CAA CMCCT	50%	
l ñ o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD	50%	
l ñ o	B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD	50%	
f ñ o	B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	CCL CAA	50%	1º, 2º, 3º Trimestres
b ñ o	B1.5. Nacións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL CAA	50%	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos						
e	B2.1. Orixe da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	CD CCEC	50%	1º Trimestre
e	B2.2. Orixe do alfabeto latino.	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	CAA CD	50%	
h	B2.3. Pronuncia do latín.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	CCL	75%	1º, 2º, 3 Trimestres
Bloque 3. Morfoloxía						
b	B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
e	B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL	100 %	1º Trimestre
e b	B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	CAA CCL	100%	1º Trimestre
b	B3.4. Flexión nominal e pronominal:	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar	LAB3.4.1. Enuncia correctamente	CD		1º, 2º, 3

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización
e	substantivos, adxectivos e pronomes.	as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	CCL	50%	Trimestres
			LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL CAA	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
b e	B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conjugacións, encadrar os verbos dentro da súa conjugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.	CAA CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
			LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conjugación.	CCL CAA	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
e b h ñ o	B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	CAA CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
			LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	CD CCL	50%	3º Trimestres
			LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	CAA CCL	50%	1º, 2º, 3

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización
						Trimestres
			LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
Bloque 4. Sintaxe						
f	B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	CMCCT	100%	1º, 2º, 3 Trimestres
h	B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	CAA CCL	100%	1º, 2º, 3 Trimestres
			LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
e	B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
b	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	CMCCT CCA CCL	50%	1º Trimestre

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización
e	B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	CAA CMCCT CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
h	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	CCL	25%	3º Trimestre
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización						
a f e ñ	B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CSC CSIEE CD	50%	1º Trimestre
			LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	CAA CCEC CSC	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
			LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	CD CAA CMCCT	50%	1º Trimestre
			LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	CSC CCEC CCL	50%	1º Trimestre
a ñ	B5.2. Organización política e social de Roma.	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC CCL	50%	2º Trimestre
			LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as	CSIEE		

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización
			características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	CSC CCEC CCL	50%	2º Trimestre
con	B5.3. A familia romana.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	CSC CCEC CCL	50%	2º Trimestre
lin	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	CCEC CCL CD	50%	1º 2º Trimestres
non	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	CAA CCEC CD	50%	2º Trimestre
m	B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	CD CCEC CSC CCL CSIEE CCL CAA	50%	2º trimestre
deñ	B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC	50%	3º trimestre
Bloque 6. Textos						

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización
h	B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	CCL CAA	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
do	B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CCL CAA	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
h	B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	CCL CAA	50%	3º Trimestre
lf	B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	CCEC CCL	50%	2º 3º Trimestres
			LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCCT CD CCL	50%	3º Trimestre
b	B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL	25%	3º Trimestre
g	B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL	10%	3º trimestre
Bloque 7. Léxico						

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización
h ñ o	B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	CAA CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
			LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD CAA	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
b ñ o	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
l ñ o	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres
e b	B7.3. Locucións latinas de uso actual.	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	CD CSC CCEC CCL	50%	1º, 2º, 3 Trimestres

3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e Instrumentos de avaliación	
	Presencial	Non presencial
Bloque 1. O latín. Orixe das linguas romances		
LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	Posta en común. Exposición oral Proba específica Resolución de actividades Observación directa Emprego das TICs	Proba escrita Traballos presentados Emprego das TICs Observación sistemática Resolución das actividades propostas Observación sistemática
LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.		
LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.		
LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.		
LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.		
LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.		
Bloque 2. Sistema da lingua latina: Elementos básicos		
LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	Exposición oral Emprego das TICs	Exposición oral Emprego das TICs
LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.		
LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	Exposición oral Observación sistemática	Exposición oral Observación sistemática

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e Instrumentos de avaliación	
	Presencial	Non presencial
Bloque 3. Morfoloxía		
LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Exposición oral na aula Realización de probas escritas	Proba escrita Traballos presentados Emprego das TICs Observación sistemática Resolución das actividades propostas Observación sistemática
LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.		
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.		
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.		
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.		
LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Proba escrita específica Emprego das TICs	Observación sistemática do traballo Resolución de actividades propostas Proba escrita específica Emprego das TICs
LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.		
LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.		
LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.		
LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.		
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.		

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e Instrumentos de avaliación	
	Presencial	Non presencial
Bloque 4: Sintaxe		
LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Proba escrita específica Emprego das TICs	Observación sistemática do traballo Resolución de actividades propostas Proba escrita específica Emprego das TICs
LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.		
LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.		
LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.		
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.		
LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.		
LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízalas e tradúceas correctamente.		
Bloque 5. Roma: Historia, Cultura e Civilización		
LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Proba escrita obxectiva Emprego das TICs	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo Resolución de actividades propostas Proba escrita obxectiva Emprego das TICs
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.		
LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.		
LAB5.1.4. Describe algúns dos principais feitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais		

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e Instrumentos de avaliación	
	Presencial	Non presencial
consecuencias.		
LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	Exposición oral Observación sistemática	Exposición oral Observación sistemática
LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.		
LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo Resolución de actividades propostas
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Proba escrita obxectiva	Exposición oral na aula Observación sistemática Resolución de actividades propostas Emprego das TICs Proba escrita obxectiva
LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.		
LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Proba escrita obxectiva	Exposición oral Observación sistemática Resolución de actividades propostas Proba escrita obxectiva Emprego das TICs
LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.		
Bloque 6. Textos		
LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	Exposición oral na aula	Exposición oral Observación sistemática

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e Instrumentos de avaliación	
	Presencial	Non presencial
LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Proba escrita obxectiva Emprego das TICs	Resolución de actividades propostas Proba escrita obxectiva Emprego das TICs
LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.		
LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.		
LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.		
LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	Caderno de clase	Proba escrita
LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	Exposición oral	Exposición oral
Bloque 7. Léxico		
LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Proba escrita obxectiva	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo Resolución de actividades propostas Proba escrita obxectiva
LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.		
LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.		
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.		
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.		

A comprobación do grao de asimilación dos contidos realizarase mediante a realización de probas obxectivas - exames e controis -, e tamén mediante o seguimento do traballo diario na aula, recollido no caderno do profesor, a realización doutras actividades propostas, incluídas as de comprensión lectora e as relacionadas cos medios audiovisuais e traballos en equipo, e o control das lecturas e traballos obrigatorios.

A actitude avaliarase a través da observación do alumno na aula, valorándose especialmente o interese cara á materia, o respecto e a colaboración, así como a asistencia a clase e o correcto comportamento. Todo isto quedará recollido no caderno do profesor.

Procurarase que os instrumentos de avaliación do alumnado sexan o máis variados posible:

- O caderno do profesor, no que este recollerá a cualificación do traballo diario, na aula e na casa, na aula virtual, dos traballos, lecturas, actividades complementarias e extraescolares, así como tódalas observacións relativas á actitude, comportamento e asistencia.
- No traballo na aula valorarase tanto a limpeza, orde e boa presentación coma a corrección na expresión e que conteña tódolos exercicios, resumos, esquemas e demais actividades, debidamente corrixidas.
- Os exames serán escritos e presentarán varios tipos de cuestións: preguntas breves, preguntas extensas que permitan comprobar a capacidade de comprensión, expresión, síntese e organización dos coñecementos, e preguntas que impliquen relacionar, elixir entre varias alternativas, completar e detectar erros.
- As lecturas serán avaliadas mediante traballos individuais ou controis, segundo se determine en cada caso. Os traballos de investigación realizar individualmente.

4. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Bloque 1. O latín, orixe das linguas

- A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.
- Latín culto e latín vulgar: lingua de cultura e lingua de comunicación. O proceso de redución morfolóxica e sintáctica no latín vulgar. A formación das linguas romances. Análise dos procesos de evolución das linguas romances.
- A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos. Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes. Relación semántica entre palabras dunha mesma raíz latina e evolución fonética diferente.

Bloque 2: Sistema da lingua latina: elementos básicos.

- As orixes da escritura: Diferentes sistemas de escritura.
- Orixes do alfabeto latino.
- Abecedario e a pronunciación do latín.

Bloque 3: Morfoloxía.

- Formantes das palabras.
- Tipos de palabras: variables e invariables.
- Concepto de declinación e conxugación
- Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.
- Flexión verbal.

Bloque 4: Sintaxe

- Os elementos da oración.
- Os casos latinos.
- A concordancia.
- A oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- A oración composta: as oracións coordinadas
- Construcións de infinitivo e participio máis transparentes.

Bloque 5: Roma: historia, cultura e civilización.

- Períodos da historia de Roma.
- Organización política e social de Roma.
- A familia romana.
- Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.
- Mitoloxía e relixión: coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecorromana.
- Os espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.

Bloque 6. Textos.

- Análise morfolóxica e sintáctica.
- Lectura comprensiva de textos latinos sinxelos.
- Producción de pequenos textos propios en lingua latina.

Bloque 7: Léxico.

- Vocabulario básico latino: léxico transparente, palabras de maior frecuencia.
- Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.
- Locucións latinas de uso actual.

5. AVALIACIÓN INICIAL

Por ser o Latín unha materia nova para os alumnos de ESO, non se esixen coñecementos previos. Pero o aproveitamento será mellor se teñen unha boa base en canto a comprensión e expresión lingüísticas, coñecementos de cultura xeral, en especial de historia, xeografía e artes. Xunto a isto, é aínda máis importante que manifesten curiosidade e interese por aprender e teñan adquiridos bos hábitos de estudo. Con todo, esta é unha materia ideal para que adquiran ditos coñecementos e competencias, polo que resulta recomendable e asumible para calquera alumno.

A principio de curso farase unha enquisa entre o alumnado que nos permita coñecer en que medida o alumnado posúe ditos coñecementos para saber o punto de partida dos nosos alumnos. Con esta información determinarase o enfoque da materia e realizaranse tódalas adaptacións individuais e reforzos que se precisen.

Durante as primeiras semanas do curso realizarase unha análise da situación de partida do grupo de alumnos e de cada un deles, coa finalidade de adaptar a práctica docente ás características e necesidades dos alumnos e en consecuencia revisar, se fose necesario, algúns aspectos da programación. Así mesmo poderase detectar carencias e dificultades na aprendizaxe e poñer os medios precisos para corrixilas.

Os instrumentos que utilizará serán:

- a. A observación na aula do traballo, interese, actitude e capacidades dos alumnos.
- b. Unha proba escrita que constará de dúas partes:
 - Lectura e análise dun texto, o cal proporcionará información sobre comprensión lectora, expresión, nivel léxico, capacidade para a identificación das ideas principais e para a elaboración de resumos e esquemas.
 - Cuestións breves sobre aspectos culturais, históricos e literarios en relación coa materia, coa fin de determinar cales son os seus coñecementos previos.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Proponémonos conxugar a atención ao traballo diario e aos exames ao xeito tradicional. De igual modo, como indicamos no apartado anterior, a cualificación estará baseada en varios instrumentos. Habrá ó longo do curso tres avaliacións, nas cales a cualificación da materia axustarase á seguinte proporción:

	Ensino presencial	Ensino non presencial
Probas de avaliación escritas sobre os estándares dos bloques lingüísticos (tradución de textos, análise morfosintáctica, contidos gramaticais, contidos léxicos e etimolóxicos) e sobre os estándares dos bloques sobre cultura e historia romanas)	70% (Hai que superar o 40%)	50% (Hai que superar o 40%)
Evidencias dos estándares de aprendizaxe (actividades do libro actividades na aula virtual, esquemas, resumos, traballos en grupo e individuais,...)	30% Para sumar este apartado será necesario ter entregado en prazo polo menos o 80% das tarefas propostas	50% Para sumar este apartado será necesario ter entregado en prazo polo menos o 80% das tarefas propostas

Ao ser continua a avaliación o alumno/a poderá promocionar curso aínda que teña suspensa a 1ª e/ou a 2ª avaliación sempre que na 3ª obteña unha nota mínima de 5 sobre 10 (DOG 29/06/2015).

A) Alumnado coa materia avaliada positivamente na avaliación previa a final conforme a programación, é dicir, coa 3ª avaliación aprobada:

- Farán tarefas de ampliación de técnicas de tradución do latín ó castelán ou galego. Poderán sumar ata 0.5 puntos á nota da 3ª avaliación presentando dúas traducións que valerán, se as fan ben, cada unha ata 0.25 puntos.

B) Alumnado coa materia avaliada negativamente na avaliación previa a final, conforme a programación, é dicir, coa 3ª avaliación suspensa:

- Ao alumnado suspenso entregaráselle un breve informe de avaliación individualizado.
- Realizará tarefas de apoio e recuperación e terá un exame global da materia, entre o 20 e o 22 de xuño, que incluíra as 5 declinacións, oracións simples activas, verbos regulares e os temas teóricos do curso, segundo constan na programación. O exame será sobre 10 puntos. Para superar a materia será necesario unha nota mínima de 5 nesta proba. O alumno recibirá a nota acadada nese exame, redondeada a un número enteiro segundo a forma usual de redondeo.

A utilización de medios deshonestos na realización de exames, tarefas, etc., tanto en beneficio propio como alleo, terá como consecuencia a nulidade dos mesmos para o alumno ou alumnos implicados, suporá a anulación da tarefa ou exame, e obterá una puntuación de cero (0).

Como pode claramente deducirse o apartado ao que hai que facer especial fincapé vai ser o da lingua e literaturas clásicas, si ben somos conscientes que este é o aspecto de maior dificultade para aqueles alumnos que presenten una dificultade no eido de acadar estes criterios para a promoción da materia, polo que se establecen como criterios mínimos de avaliación os que seguen:

CRITERIOS MÍNIMOS DE PROMOCIÓN	
1.	Localizar nun mapa a orixe da lingua latina e a súa extensión a través do tempo
2.	Realizar a árbore xenealóxica das linguas indoeuropeas
3.	Expresar graficamente as linguas faladas en España (romances e non romances)
4.	Distinguir palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos
5.	Indicar as fases da historia da escritura
6.	Ler coa maior corrección posible textos en latín
7.	Poder realizar cambios nas palabras variables latinas segundo dun modelo dado
8.	Comprender frases sinxelas latinas segundo dun modelo dado
9.	Poder situar nun eixe cronolóxico as principais etapas da historia de Roma e os seus feitos máis salientables
10.	Indicar os trazos máis característicos da sociedade romana
11.	Recoñecer algunha das características dos máis destacados elementos da mitoloxía
12.	Recoñecer algúns elementos das principais construcións romanas
13.	Identificar tipos de espectáculos
14.	Elaborar frases sinxelas segundo dun modelo dado
15.	Coñecer algunhas das locucións latinas máis usuais

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

DOCENCIA PRESENCIAL:

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

Aínda que a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as achegas do latín á nosa civilización. Para iso necesitamos un certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: selección e interpretación de textos, estudo de aspectos e contidos lingüísticos, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Cada alumno ou alumna parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Os principios metodolóxicos que seguiremos serán os seguintes:

- A insistencia no desenrolo das competencias básicas.
- O traballo con diversidade de materiais.
- A abundancia e diversidade de exercicios, evitando as explicacións demasiado extensas e procurando que o alumnado non estea inactivo.
- As actividades serán individuais.

As tarefas habituais serán:

- Interpretación e tradución de oracións e textos latinos, de dificultade progresiva nun contexto significativo, do latín ás linguas utilizadas polos alumnos.
- Análise da estrutura morfosintáctica latina básica e da equivalente na lingua á que se traduce.
- Lectura comprensiva de obras ou fragmentos traducidos.
- Produción de textos breves ou oracións en latín (tradución inversa).
- Recoñecemento da orixe latina e da evolución fonética, morfolóxica e semántica do léxico das linguas coñecidas polos alumnos, así como de palabras cunha clara relación etimolóxica.
- Utilización das regras de derivación e composición para a formación de palabras galegas e castelás.

- Identificación dos aspectos históricos, políticos, sociais e culturais máis importantes da civilización romana e da súa presenza en la Península Ibérica.
- Realización de traballos de investigación manexando fontes documentais de diversa índole.
- Actividades diversas na aula virtual

- DOCENCIA NON PRESENCIAL

En caso de docencia non presencial, o seguimento do curso farase a través da aula virtual do centro, na que están tanto os contidos como as tarefas que han de entregar para a súa corrección.

As clases impartiranse por videoconferencia na plataforma Webex ou FALEMOS no horario establecido para o grupo.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na programación de Latín tivéronse moi en conta as carencias, sobre todo as que teñen que ver coa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, falta de hábitos de traballo e estudo, escasa afección á lectura, etc. que presentan moitos alumnos no Segundo Ciclo da ESO. Tendo en conta tamén a diversidade de niveis e ritmos de aprendizaxe, así como de intereses e capacidades presentes na aula, trataremos de poñer en práctica distintas estratexias:

- Utilización dunha linguaxe directa e fácil de captar. Esta formulación conseguirá chamar a atención do alumno cara a uns materiais e uns contidos que tradicionalmente víñanse tratando con excesiva seriedade.

- Utilización das novas tecnoloxías da información, así como abundantes apoios visuais - fotografías, debuxos, mapas, materiais audiovisuais-, que serven de apoio aos contidos, sen descoidar estes.

- Utilización de cadros e esquemas cos conceptos fundamentais que aparecen en cada unidade. En ocasións serán elaborados polos propios alumnos.

- Procurarase que haxa exercicios e actividades de diversos niveis de dificultade, de forma que se atenda ó ritmo de aprendizaxe de tódolos alumnos.

- No caso de haber alumnos repetidores con coñecementos máis avanzados cos seus compañeiros, proporánselles actividades de reforzo ou complementarias dos contidos básicos, evitando así o aburrimiento e a desmotivación.

- Fomentarse a realización de lecturas e/ou traballos voluntarios sobre algún aspecto do currículo, co estímulo de obter unha nota máis alta e recompensar ós que non se quedan só no obrigatorio.

- Selección dos contidos de modo que ao alumno a información se lle presente perfectamente organizada e seleccionada, para que poida seguir o seu desenvolvemento con maior facilidade. Os contidos novos abordaranse partindo dos coñecementos previos e facendo notar a relación con outras materias do currículo, así como coa propia experiencia do alumno.

- Actividades individuais dos contidos vistos pouco antes. realizaranse na súa maior parte en clase.

- Diversidade nas obras de lectura, se é o caso, para que o alumno poida escoller a que máis se adecúe aos seus gustos e aptitudes, dentro dun catálogo establecido polo profesor. Tamén serán variados, en canto ó tema e á dificultade, os textos lidos e analizados na aula. Ámbalas dúas actividades son básicas para habituar a mozos inmersos no imperio da imaxe ao contacto co medio primordial de coñecemento que é o libro.

9. ALUMNADO REPETIDOR

Se hai alumnos/as que repiten esta materia seguirán a marcha normal do curso.

10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Comprensión lectora	Dedicarase un tempo a lectura na práctica docente, de maneira sistemática sobre mitos da antigüidade clásica, promovendo o uso da información
Expresión oral e escrita	Vai inherentemente ligado este elemento a elaboración das actividades de aula dentro das tarefas a desenrolar
Uso das TICs	Emprego de bloges, páxina web, editor de imaxes e vídeos e mesmo redes sociais
Educación cívica e social	A cultura clásica é a cultura nai da democracia, dos órganos colexiados e do nacemento da defensa dos dereitos humanos. A prevención de conflitos baséase na aplicación da xustiza, coa creacións das leis que regulan a convivencia.
Educación na igualdade	Na cultura clásica está moi presente a non discriminación: hermafroditismo
Espírito emprendedor	Fomentarase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
Educación e seguridade viaria	Que este xa era un aspecto importante na convivencia cidadá vexa no desenrolo do urbanismo romano

11. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

A materia de Latín contribúe ó fomento da lectura e da escritura, concretado no Proxecto Lector do Centro, con diversas estratexias e actividades:

- Textos relativos ó mundo clásico, co que se pretende aproximar aos alumnos ós aspectos da lingua e da civilización grecolatina. Ademais de lecturas sobre distintos mitos e sobre cidades romanas de Hispania. Servirémonos destes e doutros textos para potenciar a comprensión lectora mediante actividades variadas: análise da estrutura do texto, localización das ideas principais, identificación dos trazos culturais, realización de esquemas e resumos, ampliación do vocabulario.

- Tamén se utilizará a lectura de textos específicos para o estudo do léxico de orixe grecolatina, acompañados de exercicios variados, con vistas a mellorar a comprensión e expresión dos alumnos, así como a ampliar o vocabulario propio.

- A partir dos textos estimularanse tanto a expresión oral, mediante debates e coloquios sobre os aspectos socioculturais tratados, que fomenten o espírito crítico, coma a expresión escrita, mediante actividades de carácter creativo como redaccións, poemas ou cómics.

12. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Os alumnos/as que non superen positivamente as diferentes probas escritas, terán a posibilidade de repetir un exercicio ou exame similar os feitos anteriormente, e sempre faranse antes de cada avaliación. A principios de xuño haberá un exame final no que entrará toda a materia do curso e que farán aqueles alumnos/as que non superaran as diferentes actividades de recuperación.

13. MATERIAIS E RECURSOS

Libro de texto: Latín 4 ESO da editorial Casals..

Por suposto, utilizaranse outros materiais e recursos didácticos que axuden a asimilar mellor os contidos: dicionarios e vocabularios, enciclopedias e manuais diversos, mapas, bancos de imaxes, textos de autores antigos e modernos, sobre todo para os apartados de léxico e de civilización latina así como para a realización de traballos. Tamén se utilizarán os recursos audiovisuais e informáticos, vídeos, presentacións, páxinas web con imaxes, exercicios autoavaliáveis, etc., así como a busca de información e materiais de reforzo en internet. Escolleranse os máis adecuados en cada momento, tendo en conta a oportunidade, o interese do alumnado, o tempo dispoñible e os recursos materiais do Centro.

LATÍN NO BACHARELATO LOMCE

A presenza do Latín no Bacharelato cobra sentido na súa contribución á formación dos alumnos o coñecemento das bases lingüísticas, históricas e culturais da civilización occidental. Xunto ao Grego, cuxa cultura Roma asimilou e transmitiu a toda Europa, o Latín constitúe un apoio insubstituíble á aprendizaxe das linguas faladas en España.

A materia de Latín ten como principal finalidade introducir ao alumnado no coñecemento da lingua e a cultura latina, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental.

LATÍN 2º BACHARELATO

1. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE.

Para adquirir as competencias en caso de docencia non presencial consideranse imprescindibles os contidos que aparecen resaltados neste punto.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA

Bloque 2. Morfoloxía				
▪ i	▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	▪ B2.1. Coñecer as categorías gramaticais.	▪ LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.	▪ CAA ▪ CCL
▪ d	▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	▪ B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	▪ LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.	▪ CMCCT ▪ CCL
▪ d	▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	▪ B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.	▪ LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.	▪ CMCCT ▪ CCL
▪ l ▪ d	▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	▪ B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais.	▪ LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	▪ CD ▪ CCL ▪ CAA
			▪ LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	▪ CCL ▪ CAA
▪ l ▪ d	▪ B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica.	▪ B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.	▪ LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán	▪ CD ▪ CAA ▪ CCL
			▪ LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	
Bloque 3. Sintaxe				
▪ e	▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	▪ B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.	▪ LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	▪ CCL ▪ CAA

▪ e	▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	▪ B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.	▪ LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.	▪ CCL ▪ CAA
▪ e ▪ p	▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	▪ B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.	▪ LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	▪ CCL ▪ CAA
▪ d	▪ B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación.	▪ B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.	▪ LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.	▪ CAA ▪ CCL
▪ e	▪ B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	▪ B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	▪ LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	▪ CCL ▪ CAA
Bloque 4. Literatura latina				
▪ h	▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪ B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.	▪ LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CCEC
▪ n	▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪ B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.	▪ LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC
▪ i ▪ g	▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental.	▪ LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.	▪ CMCCT ▪ CCEC
			▪ LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	▪ CD ▪ CCL

▪ d	▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪ B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.	▪ LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
▪ n ▪ h ▪ p	▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪ B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
Bloque 5. Textos				
▪ e	▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	▪ B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.	▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	▪ CCL ▪ CAA
▪ d	▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	▪ B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.	▪ LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	▪ CD ▪ CAA ▪ CCL
▪ b	▪ B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.	▪ B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.	▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
▪ a	▪ B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e	▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	▪ LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	▪ CSC ▪ CCEC -CCL

	histórico dos textos traducidos.			
▪ h	▪ B5.4. Identificación das características formais dos textos.	▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos.	▪ LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	▪ CCL ▪ CCEC
Bloque 6. Léxico				
▪ e ▪ p	▪ B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.	▪ B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.	▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD
▪ d ▪ g ▪ p	▪ B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	▪ B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	▪ LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CD
			▪ LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	▪ CD ▪ CCL
▪ h	▪ B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	▪ B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado.	▪ LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL
▪ d ▪ p	▪ B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	▪ B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.	▪ LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	▪ CCL ▪ CCEC

2. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

O grupo de traballo de latín da CIUG nos marca as directrices para o presente curso, que son as seguintes:

TEXTOS:

1. Tradución da obra de Eutropio ou da obra de Fedro.

Pídese a tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio ou da obra de Fedro. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín.

MORFOLOXÍA E SINTAXE

2. Análise morfolóxica das palabras. Haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades propostas e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas.

3. Análise sintáctica.. Haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Para as dúas preguntas admítase calquera método de análise que sexa correcto.

LITERATURA LATINA

4. Descrición das características principais dos xéneros literarios latinos e explicación dos autores e das obras máis representativos.

Propoñeranse dúas preguntas e haberá que responder só a unha delas.

Neste curso serán obxecto de avaliación exclusivamente os seguintes xéneros e autores:

- a) Teatro. Plauto
- b) Oratoria. Cicerón
- c) Historiografía. Livio.
- d) Épica. Virxilio
- e) Lírica. Horacio

LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO

5. Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou castelá.

6. Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.

7. Comentario etimolóxico de topónimos.

Este apartado pode ser obxecto de revisión.

3. TEMPORALIZACIÓN

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
Topónimos	50	75	75
Latinismos	100	150	150
Literatura	Oratoria, Historiografía, Épica	Lírica, Teatro	Todo

4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. GRAO MÍNICO DE CONSECUCIÓN.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos e Procedementos de avaliación	
		Presencial	Non presencial
Bloque 1. O latín. Orixe das linguas romances			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. 	Distingue o 50% de termos patrimoniais, cultismos e semicultismos	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas.	Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas. Emprego TICs
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos. 	Realiza o 50% das evolucións fonéticas.		
Bloque 2. Morfoloxía			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. 		Exposición oral na aula	Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. 			

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos e Procedementos de avaliación	
		Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. ▪ LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. ▪ LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán ▪ LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. 	75 % na realización da análise morfolóxica	Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas.	Emprego TICs
Bloque 3. Sintaxe			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. ▪ LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. ▪ LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaas para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán. 	75% na análise sintáctica de oracións e clasificación de oracións.	Exposición oral na aula Observación	Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas. Emprego TICs

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos e Procedementos de avaliación	
		Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e reconece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. 		sistemática do traballo na aula Resolución de Actividades Propostas Realización de probas escritas.	
Bloque 4. Literatura latina			
<ul style="list-style-type: none"> LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. 	75% na identificación de autores, épocas, xéneros e textos.	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas.	Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas. Emprego TICs
<ul style="list-style-type: none"> LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. 		Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas.	Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas. Emprego TICs

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos e Procedementos de avaliación	
		Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. 	50% no recoñecemento da influencia da tradición grecolatina	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas.	Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas. Emprego TICs
Bloque 5. Textos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. ▪ LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. ▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. ▪ LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. ▪ LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. 	75% na análise de textos	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula. Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas.	Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas. Emprego TICs
Bloque 6. Léxico			

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos e Procedementos de avaliación	
		Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán. 	75% na adecuación do uso dos helenismos e latinismos.	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas.	Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas. Emprego TICs
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. 	75% na adecuación do uso dos helenismos e latinismos	Exposición oral na aula Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas.	Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas. Emprego TICs
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. 			

5. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A APLICAR

En primeiro lugar, parece preceptivo para o primeiro mes, dedicalo ao repaso xeral de toda a Gramática Latina (flexión nominal, pronominal e verbal).

Ao longo deste período traballarase na casa e na clase coa análise sintáctica e tradución de frases e textos de dificultade media, que tratarán os conceptos teóricos dos que se irán examinando nas probas parciais, antes de comezar propiamente co curso de Latín II.

Este revisará e completará o programa do ano anterior, concentrando boa parte do tempo dispoñible no estudo das formas nominais do verbo, conxugacións perifrásticas e proposicións subordinadas, especialmente as construcións de infinitivo que recibirán maior dedicación.

Libro de texto: non hai ningún asignado. O profesor/a facilitará o material oportuno. Ademais empregaranse outros materiais como proxección de vídeos, fotocopias e outros libros de consulta que se podan manexar na clase para que o alumno teña contacto coa bibliografía relacionada coa materia (Diccionario de mitoloxía, etc.).

Elaboración conxunta (alumno e profesor) de esquemas ou resúmenes ao final dos capítulos ou unidades didácticas estudadas na clase.

O uso do diccionario de Latín terá neste curso unha atención primaria e fundamental. Haberá clases dedicadas ao manexo correcto do diccionario. Recoméndase o Diccionario de Vox. Igualmente seguirase atendendo á técnica de tradución para orientar aos alumnos e dar uns criterios de estratexia ante a tradución do Latín.

A técnica de tradución completa e amplía a que se lles deu en Latín I. O resto do curso dedicárase á tradución co diccionario de textos do latín clásico de complexidade crecente e de extensión similares as da ABAU. Os autores que traduciremos serán os dos anos anteriores hasta que se saiba con certeza se son os mesmos que cursos anteriores: en verso Fedro e en prosa Eutropio.

DOCENCIA NON PRESENCIAL

En caso de docencia non presencial, o seguimento do curso farase a través da aula virtual do centro, na que están tanto os contidos como as tarefas que han de entregar para a súa corrección.

As clases impartiranse por videoconferencia na plataforma Webex ou FALEMOS no horario establecido para o grupo.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

PARTE 1: TEXTOS (ata 5 puntos)

PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto: ata 0,5 cada pregunta)

PARTE 3: LITERATURA LATINA (ata 2 puntos)

PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ata 2 puntos: ata 1 punto cada pregunta)

Os textos traducidos individual e diariamente terán un valor de 0.1 puntos cada un.

Para obter a nota de avaliación sumaremos as cualificacións obtidas nos dous exames e os puntos de tradución (número de textos traducidos x 0.1) e dividimos entre dous.

Ao ser continua a avaliación o alumno/a poderá promocionar curso aínda que teña suspenso a 1ª e/ou a 2ª avaliación sempre que na 3ª obteña unha nota mínima de 5 sobre 10.

Na convocatoria extraordinaria de xuño a avaliación basearase nun exame similar ós feitos ó longo do curso. O alumno recibirá a nota acadada nese exame, redondeada a un número enteiro segundo a forma usual de redondeo.

A utilización de medios deshonestos na realización de tarefas, etc., así como plaxios o de textos idénticos entre compañeiros tanto en beneficio propio como alleo, e incluso desaxustes razoables entre o presentado e o nivel estándar do alumno, terá como consecuencia a nulidade das mesmas para o alumno ou alumnos implicados, e obterá una puntuación de cero.

7. MÍNIMOS ESIXIBLES

Para superar con suficiente o currículo de Latín II, os alumnos/as deberán ser capaces de demostrar nos seus exames un coñecemento evidente do conxunto xeral do que se lles avalía. Isto quere dicir que as respostas dos alumnos deberán ter un certo equilibrio.

En concreto, a relación completa de contidos que o alumno debe acadar para aprobar é a que segue:

- Flexión nominal e pronominal.
- As conxugacións en activa e pasiva. Verbo *sum* e os seus compostos.
- A voz perifrástica activa e pasiva.
- Valores fundamentais dos casos. Complementos de lugar.
- Verbos irregulares *eo*, *volo*.
- A oración: constituíntes e tipos.
- Proposicións subordinadas de relativo e substantivas.
- Proposicións subordinadas adverbiais.
- Formas nominais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo. A súa sintaxe.
- Técnicas de tradución. Uso correcto do dicionario.
- Xéneros literarios: teatro, épica, lírica, historiografía, oratoria, fábula.
- Topónimos.
- Locucións latinas.
- Evolución do latín ao castelán e galego. Composición e derivación: prefixos e sufixos máis usados.
- Lecturas obrigatorias.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno/a é diferente en intereses, capacidades, coñecementos previos e ritmos de aprendizaxe. A optatividade da materia de latín, e a experiencia de cursos anteriores indican que o número de alumnos matriculados nela soe ser reducido. Isto supón unha vantaxe para a atención personalizada dos alumnos que permitirá o deseño de actividades individualizadas tanto para aqueles alumnos que presenten dificultades na súa aprendizaxe como para aqueles alumnos que polas súas capacidades e intereses requiran un ritmo máis avanzado que o do resto do grupo.

9. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR. LATÍN II

- Épica: Ovidio, **Apolo e Dafne, Píramo e Tisbe. Orfeo e Eurídice**
- Lírica: Catulo, **Poemas de Catulo e Lesbia** (Catulo, 51,2,86,87,109,5,7,3,85,70,8,11)
- Historiografía: Livio **A traxedia de Lucrecia.**
- Oratoria: Tácito, **Discursos de Calgaco e Agrícola**
- Teatro: Lectura, en galego ou castelán, de **Casina** ou **Aulularia.**

10. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Os alumnos/as que non superen positivamente as diferentes probas escritas, terán a posibilidade de repetir un exercicio ou exame similar os feitos anteriormente, e sempre faranse antes de cada avaliación. En maio haberá un exame final no que entrará toda a materia do curso e que farán aqueles alumnos/as que non superaran as diferentes actividades de recuperación.

11. ALUMNADO REPETIDOR

Se hai alumnos que repiten esta materia seguirán a marcha normal do curso.

12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	
Comprensión lectora	Dedicarase un tempo a lectura na práctica docente, de maneira sistemática sobre mitos da antigüidade clásica, promovendo o uso da información
Expresión oral e escrita	Vai inherentemente ligado este elemento a elaboración das actividades de aula dentro das tarefas a desenrolar
Uso das TICs	Emprego de aula virtual, bloges, páxina web, editor de imaxes e vídeos e mesmo redes sociais
Educación cívica e social	O Latín é a lingua na que se redactaron as primeiras leis que coas que se organiza a vida da democracia, dos órganos colexiados e do nacemento da defensa dos dereitos humanos. A prevención de conflitos baséase na aplicación da xustiza, coa creacións das leis que regulan a convivencia.
Educación na igualdade	No estudo do latín está moi presente a non discriminación: loita dos dereitos das distintas clases sociais máis desfavorecidas
Espírito emprendedor	Fomentarase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
Educación e seguridade viaria	Que este xa era un aspecto importante na convivencia cidadá vexa no desenrolo do urbanismo romano coas súa linguaxe ideográfica

PROGRAMACIÓN DE GREGO LOMCE

1. OBXECTIVOS XERAIS

1. Adquirir unha visión panorámica da cultura e civilización gregas que facilite ao alumno/a unha máis profunda comprensión da súa propia lingua e do seu mundo.
2. Fomentar a capacidade de razoamento do alumnado tomando como base o estudo da lingua grega e aproveitando a estruturación mental que proporciona o estudo de toda lingua flexiva.
3. Facilitar o acceso á orixe do pensamento occidental.
4. Incitar ao coñecemento do humanismo grego e da súa influencia nos diversos campos da cultura e literatura occidentais.
5. Avivar no alumnado o xuízo crítico, tendo como base o comentario de textos gregos e relacionándoos con elementos da súa propia cultura.
6. Promover a lectura como fonte de información directa sobre os temas que o alumnos/a pretenda abordar.
7. Formar un caudal léxico que proporcione un maior dominio do vocabulario científico, técnico, filosófico e literario do galego e español, así como das demais linguas que coñeza o alumno/a.
8. Coñecer os aspectos básicos da fonoloxía, morfoloxía, sintaxe e léxico gregos.
9. Analizar e traducir correctamente frases ou textos sinxelos do grego clásico ou neotestamentario e interpretar e coñecer o seu contido.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística debemos vinculala coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. Ao desenvolvemento da mesma, a materia de Grego contribúe de forma especial e significativa desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos que cursaron a materia adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, todo iso desde unha mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e a creación de distintos tipos de mensaxes. A nosa materia achega ao desenvolvemento desta competencia, entre outras contribucións:

- Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e goce.
- Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
- Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
- Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
- Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.
- Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
- Fomento da capacidade creativa lingüística.
- Mellora na comprensión e emisión de mensaxes orais e escritas.
- Mellora na motivación da aprendizaxe a partir da mellora na comprensión e expresión lingüística.
- Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.
- Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A contribución da materia de Grego a esta competencia céntrase en especial en desenvolver aspectos esenciais da formación dos alumnos, como son:

- Desenvolvemento da capacidade crítica e análise razoada de problemas e situacións.
- Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos.
- Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan.
- Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e a responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos.

- Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións.
- Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc.
- Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias.
- Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina.
- Promoción da investigación científica e achegamento aos métodos que lle son propios.
- Desenvolvemento de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ao longo da historia.
- Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.
- Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.

Competencia dixital

Na materia de Grego que se imparte no momento actual, a contribución á competencia dixital é inherente á aprendizaxe da mesma, por canto o emprego das tecnoloxías dixitais convértese nun instrumento imprescindible no proceso de ensino-aprendizaxe da materia. Todo iso coa premisa da súa utilización creativa e crítica. Desta forma, a utilización das tecnoloxías dixitais na materia tradúcese nunha contribución clara ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos.
- Fomento do traballo colaborativo.
- Localización de información mediante motores de procura.
- Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais.
- Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos.
- Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.).
- Acceso e contribución ao coñecemento de dominio (wiki).
- Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.

Aprender a aprender

A materia de Grego debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando ao alumno na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo senta protagonista da súa aprendizaxe:

- Motivación por aprender.
- Organización e xestión da propia aprendizaxe.
- Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.
- Capacidade de aprendizaxe en grupo.

Competencias sociais e cívicas

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade grega antiga supoñen unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E iso é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Grecia ofrece ao alumno. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

- Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica.
- Análise de situacións para a resolución de conflitos.
- Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia.
- Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do

traballo e das relacións laborais.

- Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural.
- Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade.
- Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Hai de ter en conta que esta competencia implica basicamente a capacidade que ten o alumno para transformar as súas ideas en actos. Ao desenvolvemento do proceso que implica esa transformación contribúe a materia de Grego mediante:

- Capacidade para pensar de forma creativa.
- Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.).
- Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- Comunicación e presentación de proxectos.
- Capacidade de traballo individual e en grupo.
- Capacidade de auto avaliación.
- Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para alcanzar os obxectivos planificados polo alumno.

Conciencia e expresións culturais

O coñecemento e o achegamento á sociedade, á cultura, á literatura, á mitoloxía e á arte grega antiga contribúen de maneira especial ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento do legado cultural e artístico da Grecia antiga.
- Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Análise do legado cultural e artístico da Grecia antiga como fundamento de cultura occidental.
- Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno.
- Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas.

GREGO 2º BACHARELATO

En Grego II é necesario revisar os contidos de 1º bacharelato tanto na teoría como na práctica durante o primeiro mes de clase.

Para adquirir as competencias en caso de docencia non presencial considéranse imprescindibles todos contidos que aparecen no seguinte punto, xa que esta materia é propia da modalidade do bacharelato de humanidades e obrigatoria nas probas ABAU.

1. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Instrumentos avaliación	
							Presencial	Non presencial
Bloque 1. Lingua grega								
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	CCL CD CCEC	50%	1º Trimestre	Exposición oral Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	Exposición oral Uso das TICs Resolución de actividades Proba escrita Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución. 	CCL CAA	50%	1º Trimestre		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. 	CCL	25%	1º Trimestre		
Bloque 2. Morfoloxía								

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Instrumentos avaliación	
							Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declinaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestre		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestre	Exposición oral Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	Exposición oral Uso das TICs Resolución de actividades Proba escrita Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Análise morfolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer as categorías gramaticais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen. 	CCL	75%	1º Trimestre		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Análise morfolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. 	CCL	75%	1º Trimestre		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Análise morfolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. 	CCL	75%	1º Trimestre		
Bloque 3. Sintaxe								
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres	Exposición oral	Exposición oral Uso das TICs

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Instrumentos avaliación	
							Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres	Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	Resolución de actividades Proba escrita Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Usos modais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Oración composta. Formas de subordinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Oración composta. Formas de subordinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres	Exposición oral Uso das TICs Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Instrumentos avaliación	
							Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 		interpretación e tradución de textos de textos clásicos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
Bloque 4. Literatura								
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos. 	CCL CCEC	75%	1º 2º 3º Trimestres	Exposición oral Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	Exposición oral Uso das TICs Resolución de actividades Proba escrita Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. 	CMCCT CCEC	75%	1º 2º 3º Trimestres		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles. 	CCL CCEC	50%	3º Trimestre		

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Instrumentos avaliación	
							Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior. 	CCEC	50%	3º trimestre	Exposición oral Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	Exposición oral Uso das TICs Resolución de actividades Proba escrita Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. 	CD CCEC	75%	1º 2º 3º Trimestres		
Bloque 5. Textos								
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres	Exposición oral Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	Exposición oral Uso das TICs Resolución de actividades Proba escrita Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Uso do dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. 	CCL CD	90%	1º 2º 3º Trimestres		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos. 	CCL CCEC	75%	1º 2º 3º Trimestres		

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Instrumentos avaliación	
							Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ h ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. 	CSC CCEC	75%	3º Trimestre	Exposición oral Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	Exposición oral Uso das TICs Resolución de actividades Proba escrita Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Identificación das características formais dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. 	CCL	50%	3º Trimestre		
Bloque 6. Léxico								
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres	Exposición oral Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	Exposición oral Uso das TICs Resolución de actividades Proba escrita Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Instrumentos avaliación	
							Presencial	Non presencial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres	Exposición oral Observación sistemática do traballo na aula Resolución de actividades Proba escrita Rexistro	Exposición oral Uso das TICs Resolución de actividades Proba escrita Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. ▪ GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. 	CCL	75%	1º 2º 3º Trimestres		

2. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Seguiremos o programa marcado polo grupo de traballo de grego do curso anterior, hasta que nos notifiquen o definitivo.

➤ TEXTOS

Antoloxía de Xenofonte

Antoloxía de Apolodoro

No exame propóranse dous textos de Xenofonte e un de Apolodoro, dun máximo de tres liñas en letra de tamaño 12 puntos, para traducir unicamente un deles.

Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. A tradución será co dicionario de grego.

Cualificación: 5 puntos

➤ MORFOLOXÍA E SINTAXE

Pídese a análise morfolóxica e do texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica hai que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas. Na análise sintáctica hai que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Cualificación: 1 punto

➤ LECTURAS

Homero, *Ilíada*, cantos 1, 6, 16 e 22

Lírica arcaica: Arquíloco, Safo e Anacreonte

Sófocles: *Edipo Rei*

Aristófanes: *A Asamblea de mulleres*

Propóranse catro preguntas sobre o contido das obras, das que o alumno deberá elixir dúas.

Cualificación: 2 puntos

➤ LITERATURA E O SEU CONTEXTO

Propóranse catro preguntas sobre contexto ou realia das obras a traducir, das que o alumno deberá elixir unha.

Cualificación: 1 punto

➤ HELENISMOS E ETIMOLOXÍA

Proporanse cinco palabras gregas, das que o alumno terá que elexir tres, para citar e explicar exemplos de vocabulario actual relacionado con elas.

Cualificación: 1 punto

3. TEMPORALIZACIÓN

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
Xenofonte/Apolodoro Helenismos Épica: Homero. Lírica arcaica: Safo, Arquíloco, Anacreonte	Xenofonte/Apolodoro Helenismos Traxedia: Sófocles. Comedia: Aristófanes	Todo

A avaliación será continua, levando a cabo un control continuado dos progresos do grupo; así mesmo, realizaranse exercicios de tradución de dificultade progresiva que irán acompañados de comentarios culturais e de resolución de problemas lingüísticos relacionados cos textos propostos. Periodicamente realizaranse controis xerais coas directrices anteriormente sinaladas e, como exercicio final e de recuperación, propoñeranse un que trate de englobar os aspectos tratados nas distintas unidades. En Grego II as probas que se propoñan ao longo do curso, serán de estrutura e dificultade similares ás da ABAU.

Ademais das probas escritas, teranse en conta tamén aspectos como a asistencia ás clases, a participación nas mesmas, a limpeza, ortografía e presentación de calquera traballo realizado. Haberá dous exames por trimestre con similar aparencia e valoración que na ABAU (notas de 0 a 10). Os textos traducidos individual e diariamente terán un valor de 0.1 puntos cada un.

Para obter a nota de avaliación sumaremos as cualificacións obtidas nos dous exames e os puntos de tradución (número de textos traducidos x 0.1) e dividimos entre dous.

Ao ser continua a avaliación o alumno/a poderá promocionar curso aínda que teña suspensa a 1ª e/ou a 2ª avaliación sempre que na 3ª obteña unha nota mínima de 5 sobre 10.

Na convocatoria extraordinaria de xuño a avaliación basearase nun exame similar ós feitos ó longo do curso. O alumno/a recibirá a nota acadada nese exame, redondeada a un número enteiro segundo a forma usual de redondeo.

A utilización de medios deshonestos na realización de tarefas, etc., así como plaxios o de textos idénticos entre compañeiros tanto en beneficio propio como alleo, e incluso desaxustes razoables entre o presentado e o nivel estándar do alumno, terá como consecuencia a nulidade das mesmas para o alumno ou alumnos implicados, e obterá una puntuación de cero.

4. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Os alumnos/as que non superen positivamente as diferentes probas escritas, terán a posibilidade de repetir un exercicio ou exame similar os feitos anteriormente, e sempre faranse antes de cada avaliación. En maio haberá un exame final no que entrará toda a materia do curso e que farán aqueles alumnos/as que non superaran as diferentes actividades de recuperación

5. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

Traduciremos a Xenofonte e a Apolodoro pois son os dous autores que serán materia de exame na ABAU.

Empregaranse textos de complexidade gradual, a medida que se vaian revisando conceptos morfolóxicos e sintácticos, xa vistos en Grego I, e vaiamos profundando nas características dos xéneros literarios. Usaremos textos para ampliar o vocabulario básico adquirido en Grego I e para a revisión do léxico do texto traducido e os seus derivados actuais en terminoloxías científicas e técnicas.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade do alumnado para aprender por se mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da súa vida.

Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua grega, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, en que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo, mediante unha estratexia de descubrimento.

Procurarase xerar un clima na aula en que os alumnos sintana necesidade de participar activamente no proceso de ensino e aprendizaxe, asegurándonos de que esas interaccións, mesmo se son erróneas, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan ao alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autor regular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

Promoverase a participación dos estudantes en pequenos traballos de investigación. Deberán ser orientados/as para que poidan acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.

Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.

Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse, e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

Non utilizaremos libro de texto, tanto os textos gregos como os temas de literatura serán facilitados polo profesor, aínda que os alumnos tamén se encargarán de posibles ampliacións ou busca de material auxiliar.

En canto á organización temporal, dicir que, se ben se dedicará un tempo maior ao estudo da lingua, de ningún modo se considerará de rango inferior o estudo da parte histórico-cultural, dedicándolle o tempo necesario para alcanzar os obxectivos establecidos. De calquera modo, tanto en un como en outro aspecto, o tempo sempre se distribuirá tendo en conta os progresos do grupo en concreto.

DOCENCIA NON PRESENCIAL

En caso de docencia non presencial, o seguimento do curso farase a través da aula virtual do centro, na que están tanto os contidos como as tarefas que han de entregar para a súa corrección.

As clases impartiranse por videoconferencia na plataforma Webex ou FALEMOS no horario establecido para o grupo.

6. MATERIAIS E ORGANIZACIÓN

Para levar a cabo o desenvolvemento dos distintos obxectivos que comprende a presente programación intentarase usar os materiais dispoñibles que existan no centro así como algúns adquiridos polo propio alumno/a. Utilizaranse mapas físicos, políticos e económicos da Grecia antiga xunto con manuais elementais de Historia de Grecia presentes na biblioteca do centro ou nos diversos departamentos. Tamén se fará uso dos medios audiovisuais ao alcance do departamento.

Os alumnos/as poderán apoiar o seu traballo con calquera manual de grego autorizado por Educación, así mesmo a profesora proporcionará material didáctico e textos, preferentemente en dialecto ático do século V a. C., xunto cun vocabulario que se ampliará progresivamente coa axuda de explicacións etimolóxicas. O uso do dicionario será obrigatorio.

En canto á organización temporal, dicir que, se ben se dedicará un tempo maior ao estudio da lingua, de ningún modo se considerará de rango inferior o estudio da parte histórico-cultural, dedicándolle o tempo necesario para alcanzar os obxectivos establecidos. De calquera modo, tanto en un como en outro aspecto, o tempo sempre se distribuirá tendo en conta os progresos do grupo en concreto.

7. PLAN LECTOR GREGO 2º BACHARELATO

- Homero: *Ilíada*. Cantos I, VI, XVI, XXII, que condensan ben o argumento, ambiente e espírito da obra;
- Os fragmentos dos poetas líricos Safo, Anacreonte e Arquíloco;
- Sófocles, *Edipo Rei*.
- Aristófanes, *A assemblea de mulleres*.

8. MÍNIMOS ESIXIBLES

Os alumnos deberán ser capaces de demostrar nos seus exames un coñecemento evidente do conxunto xeral do que se lles avalía. En concreto, a relación completa de contidos que o alumnos debe acadar é a que segue:

- Flexión nominal e pronominal.
- A conxugación temática en activa, media e pasiva.
- Conxugación completa do verbo εἶμι
- Valores fundamentais dos casos. Complementos de lugar.
- Verbos irregulares máis frecuentes.
- A oración: constituíntes e tipos.
- Proposicións subordinadas de relativo e substantivas.
- Proposicións subordinadas adverbiais.
- Técnicas de tradución. Uso correcto do dicionario.
- Formas nominais do verbo: infinitivo e participio. A súa morfosintaxe.
- Xéneros literarios: épica, lírica, teatro e historiografía.
- Lecturas obrigatorias.
- Helenismos máis importantes.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno/a é diferente en intereses, capacidades, coñecementos previos e ritmos de aprendizaxe. A optatividade da materia de grego, e a experiencia de cursos anteriores indican que o número de alumnos matriculados nela soe ser reducido. Isto supón unha vantaxe para a atención personalizada dos alumnos que permitirá o deseño de actividades individualizadas tanto para aqueles alumnos que presenten dificultades na súa aprendizaxe como para aqueles alumnos que polas súas capacidades e intereses requiran un ritmo máis avanzado que o do resto do grupo.

10. ALUMNADO REPETIDOR

Se hai alumnos que repiten esta materia seguirán a marcha normal do curso.

11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	
Comprensión lectora	Dedicarase un tempo a lectura na práctica docente, de maneira sistemática sobre mitos da antigüidade clásica, promovendo o uso da información
Expresión oral e escrita	Vai inherentemente ligado este elemento a elaboración das actividades de aula dentro das tarefas a desenrolar
Uso das TICs	Emprego da aula virtual, de bloges, páxina web, editor de imaxes e vídeos e mesmo redes sociais
Educación cívica e social	O Grego é a lingua na que se redactaron as primeiras leis que coas que se organiza a vida da democracia, dos órganos colexiados e do nacemento da defensa dos dereitos humanos. A prevención de conflitos baséase na aplicación da xustiza, coa creacións das leis que regulan a convivencia.
Educación na igualdade	No estudo do Grego está moi presente non só a aportación que as mulleres fixeron dentro desa cultura e civilización (Safo, Hipatia, etc) se non tamén a non discriminación: loita dos dereitos das distintas clases sociais máis desfavorecidas
Espírito emprendedor	Fomentarase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
Educación e seguridade viaria	Que este xa era un aspecto importante na convivencia cidadá vexa no desenrolo da civilización como $\pi\acute{o}\lambda\iota\varsigma$ coas súa linguaxe ideográfica

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS BACHARELATO

Libros de textos de latín, grego e cultura clásica de diversas editoriais.

Dicionarios de mitoloxía.

Gramáticas latinas e gregas.

Guías didácticas.

Textos de autores clásicos traducidos.

Textos actuais, con ilustracións, sobre temas clásicos.

Revistas e cómics.

Planos, mapas e debuxos.

DVD educativos sobre diversos aspectos da cultura greco-romana.

Películas comerciais que ilustren determinados aspectos do mundo romano ou grego.

Diapositivas de arte clásico: escultura, pintura, mosaico, arquitectura...

Flip poster.

Playlist de temas musicais cantados en latín: *Carmina Burana*, *Gaudeamus Igitur*, etc.

CD-Rom sobre temas culturais e mitolóxicos.

Páxinas web con contidos clásicos como www.culturaclasica.com, www.culturaclasica.net e moitas outras.

ACCIONES DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

O fomento do uso das TIC é un obxectivo do centro, a través do Plan de Integración das TIC e será tamén obxectivo da materia impartidas por este departamento, utilizando a rede informática para realizar traballos de investigación e atopar información, empregando todos os recursos multimedia ao noso alcance (CD-ROM, páxinas web...), incentivando no noso alumnado o uso dos recursos informáticos para a presentación dos seus traballos (presentación en PowerPoint, uso na aula de audiovisuais, dos equipos informáticos da biblioteca escolar...) e deixando que a actualidade entre nas aulas a través dos recursos multimedia con contidos relacionados co mundo clásico, a arqueoloxía, a literatura, etc.

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES

Con este apartado pretendo salientar a importancia dos valores de: xustiza, igualdade de sexos, respecto polas diferenzas, educación para a paz, educación viaria,... que serán traballados a través das distintas materias xa que o obxectivo principal desta etapa é lograr un desenvolvemento integral e harmónico na persoa nos distintos planos (emocional, afectivo, social e cognitivo) e procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento. Estes serán desenvolvementos mediante a resolución pacífica de conflitos, e serán levados a cabo mediante o diálogo.

Cando se produce calquera tipo de conflito deberán dialogar os/as implicados, con isto pretendo tamén que vaian adquirindo pautas de socialización e respecto aos demais. Este apartado cobra gran relevancia se atendemos a lexislación vixente:

- Segundo o artigo 1 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, reforzase o compromiso da eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade. Tamén pretende atribuírlle a maior efectividade posible, no eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre persoas de ambos sexos. Nesta mesma Lei faise referencia a adoptar as medidas axeitadas para ó obxectivo da erradicación dos prexuízos de xénero.

- Tendo en conta a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero deberemos traballar na detección da violencia machista e dos malos tratos.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Colaboraremos en todo o que o plan de convivencia do centro considere oportuno e, especialmente en 3º ESO, para cortar os insultos e pelexas vaise esixir ao alumno/ -a que insulte que debe dicir cinco cousas positivas ao alumno insultado. Pediráselle que o faga oral pero se necesita moito tempo, deberá facelo por escrito, aínda que lle leve toda a clase, porque redactar aumenta as competencias básicas en galego e castelán. A materia que eu imparto paréceme una maneira adecuada para ir cortando as faltas de respecto.

No bacharelato debe pedir perdón e dicirlle algo positivo no mesmo momento. Se é una conducta case inconsciente, explicaráselle cada vez porque é negativo o que dixo aínda que o/a alumno/á non llo pareza. Todas as veces que apareza a conducta, todas se lle afeará.

Faranse todas actuacións preventivas que consideremos necesarias para crear un clima de cordialidade e respecto.

Actividades para a integración e participación do alumnado.

Actividades de sensibilización fronte ao acoso.

Actividades de sensibilización da comunidade educativa en igualdade de homes e mulleres.

Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente dos distintos equipos docentes e a orientadora.

Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou de outro tipo.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Contémplanse saídas na contorna do centro.

Se ao longo do curso hai posibilidade de asistir a algunha representación teatral, exposición, museo... con temática relacionada co mundo clásico, intentaremos asistir co maior número de alumnos/as posible.

Se este curso o departamento de filoloxía clásica da facultade de Santiago de Compostela convoca a Olimpíada de Tradución de Textos Clásicos, intentaremos participar cos alumnos/as de 2º de Bacharelato.

VALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. (Necesidades específicas de apoio educativo)				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- Periodicidade coa que se revisará: trimestralmente
- Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.
- Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVES

COMPETENCIAS	
Comunicación lingüística (3%)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprensión oral 2. Expresión oral 3. Comprensión escrita 4. Expresión escrita e/ou ortográfica 5. Capacidade de síntese 6. Lectura
Competencia matemática e competencia básicas en ciencia e tecnoloxía (1%)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Razoamento lóxico 2. Resolución de tradución de textos 3. Aplicación práctica do aprendido
QCompetencia dixital (1%)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Busca de información en diferentes fontes 2. Manexo e aplicación da información 3. Transmisión/aplicación da información 4. Análise crítico do emprego das novas tecnoloxías
Aprender a aprender (1%)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Hábito diario de traballo 2. Técnicas de traballo intelectual 3. Planificación e organización do traballo 4. Motivación e interese polo estudo 5. Capacidade de traballo en grupo
Competencias sociais e cívicas (2%)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprensión da súa realidade social 2. Interiorización de valores básicos 3. Respetto aos dereitos dos demais 4. Integración no grupo e/ou no centro 5. Cumprimento das normas de convivencia 6. Autocontrol
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (1%)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Autoestima e confianza en si mesmo 2. Tolerancia a frustración 3. Asunción de responsabilidades 4. Participación en clases 5. Estudo autónomo 6. Afán de superación
Conciencia e expresións culturais (1%)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecemento das expresións artísticas 2. Valoración da arte e da cultura 3. Técnicas de expresión artística 4. Creatividade 5. Respetto do patrimonio cultural

ANEXO

PENDENTES CULTURA CLÁSICA 3º ESO LOMCE

PLANS DE TRABALLO PARA SUPERACIÓN DE PENDENTES LOMCE

1. CONTIDOS ESIXIBLES.

Os alumnos deberán repasar os temas estudados durante o curso anterior, que foron os seguintes:

1. O marco xeográfico de Grecia e Roma clásicas.
2. Historia de Grecia: períodos micénico, arcaico, clásico e helenístico. As institucións políticas de Atenas e Esparta. Alexandre Magno e a súas conquistas.
3. Historia de Roma: Monarquía, República. Mitos da Roma arcaica. Institucións políticas da República romana.
4. A Romanización de Hispania.
5. Al arte clásica: o urbanismo helenístico-romano, os edificios públicos, a casa romana, as ordes arquitectónicas. As obras de arte máis representativas de Grecia e Roma.
6. A mitoloxía grega e romana: deuses principias.

2. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Os alumnos/as de 4º de ESO que teñan pendente Cultura Clásica correspondente ao curso académico anterior serán citados oportunamente, ao comezo de curso pola xefa de Departamento de Latín, para proceder á entrega dun plan de traballo cos contidos esixibles e as actividades a realizar por conta propia. Ao final de cada trimestre realizaranse probas parciais que serán convocadas debidamente polo departamento. Ditas convocatorias e probas terán carácter oficial e único, e a non asistencia a elas terá carácter inescusable, salvo motivos de causa maior.

Os alumnos e alumnas deberán responder necesariamente a todas e cada unha das cuestións que se lles propoñan nos exercicios.

As actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes serán anteriores a cada unha das tres avaliacións do curso académico.

Os alumnos terán que obter unha nota en ditas convocatorias igual ou superior a cinco (5) sobre dez (10) para aprobar a cultura clásica.

No caso de non superar a materia, haberá un exame final en xuño con cuestións similares ás das probas trimestrais. Para aprobar hai que obter un cinco (5) sobre dez.

A xefa de Departamento estará a disposición dos alumnos/as que o desexen para aclararlles dúbidas e orientarlles no seu estudo.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Se hai alumnos que repiten Cultura Clásica seguirán a marcha normal do curso.

PENDENTES LATÍN I LOMCE

Os alumnos con latín I pendente deberán ser capaces de demostrar un coñecemento evidente do conxunto xeral do que se lles avalía. A relación completa de contidos que o alumno debe acadar é a que segue:

Concepto de caso e declinación:

- Os casos latinos e os seus valores. Só se terán en conta os seguintes valores: nominativo: suxeito e atributo; acusativo: C.D. e complemento con preposición; xenitivo: C.N.; dativo: C.I.; ablativo con e sen preposición.
- Agrupación de palabras en cinco declinacións.

Flexión nominal:

- As cinco declinacións sen recorrer aos casos especiais.
- Declinación de adxectivos dunha, dous e tres terminacións.
- Comparativos e superlativos.
- Pronomes persoais, demostrativos, posesivos, relativos, indefinidos e interrogativos.

Flexión verbal:

- Elementos constituíntes dunha forma verbal.
- As conxugación regulares en activa e pasiva. O verbo *sum*.

A oración:

- A oración simple, nominal e predicativa.
- Concordancia entre suxeito e predicado e entre nome e adxectivo.
- Principais complementos verbais.
- Oración complexa: as de relativo e as de infinitivo e participio.
- As introducidas por *ut* e *cum*

Léxico latino e evolución:

- Coñecer un mínimo de vocábulos latinos (arredor de 25)
- Evolución das linguas romances: ditongos, vogais postónicas, xordas e sonoras intervocálicas, grupos consonánticos iniciais e en interior de palabra.

Cultura:

- As tres grandes etapas da historia de Roma: Monarquía, República e Imperio. Características xerais.
 - Os órganos de goberno: as maxistraturas.
 - O exército
 - As clases sociais en Roma durante a República.
 - O concepto de Romanización.
 - A vida cotiá: a familia, a educación, a vivenda, os espectáculos do Circo. O calendario.
 - Os principais deuses.
- Para avaliar a os pendentes faranse dous exames

Os alumnos/as de 2º de bacharelato que teñan, durante o presente curso 2022-2023, Latín I pendente, serán citados oportunamente, ao comezo de curso pola xefa de Departamento de Latín, para proceder á entrega dun plan de traballo cos contidos esixibles e as actividades a realizar por conta propia. Ao final de cada trimestre realizaranse probas parciais que serán convocadas debidamente polo departamento. Ditas convocatorias e probas terán carácter oficial e único, e a non asistencia a elas terá carácter inescusable, salvo motivos de causa maior.

Os alumnos e alumnas deberán responder necesariamente a todas e cada unha das cuestións que se lles propoñan nos exercicios.

As actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes serán anteriores a cada unha das tres avaliacións do curso académico.

Os alumnos terán que obter unha nota en ditas convocatorias igual ou superior a cinco (5) sobre dez (10) para aprobar latín 1.

No caso de non superar a materia, poderán presentarse á un exame final na convocatoria extraordinaria en xuño con cuestións similares ás das probas trimestrais. Para aprobar hai que obter un cinco (5) sobre dez (10).

A xefa de Departamento estará a disposición dos alumnos/as que o desexen para aclararlles dúbidas e orientarlles no seu estudo.

ALUMNADO REPETIDOR

Se hai alumnos/as que repiten Latín 1 seguirán a marcha normal do curso.

PENDENTES GREGO I LOMCE

Os alumnos con Grego I pendente deberán ser capaces de demostrar un coñecemento evidente do conxunto xeral do que se lles avalía. A relación completa de contidos que o alumno debe acadar é a que segue:

- O alumno/a deberá ser capaz de facer unha tradución directa (grego a castelá ou galego) identificando os elementos básicos da morfoloxía regular (nominal, pronominal e verbal) e da sintaxe máis sinxela.

- Recoñecemento do léxico de orixe grego e da evolución fonética nas linguas coñecidas polo alumno/a, especialmente galego e castelán

- Identificación dos aspectos socioculturais máis importantes da historia de Grecia.

En concreto, a relación completa de contidos que o alumno debe acadar para aprobar é a que segue:

- Alfabeto grego; regras de transcripción
- Flexión nominal e pronominal.
- Estudo elemental do verbo grego.
- Verbos temáticos e o verbo εἶμι
- Coñecemento dun vocabulario mínimo.
- Oracións de relativo, de participio e de infinitivo.
- Tradución e análise de textos nos que se aplique a morfosintaxe estudada.
- Visión xeral da historia, institucións e costumes dos gregos.

Os alumnos/as de 2º de bacharelato que teñan, durante o presente curso 2022-2023, Grego 1 pendente, serán citados oportunamente, ao comezo de curso pola xefa de Departamento de Latín, para proceder á entrega dun plan de traballo cos contidos esixibles e as actividades a realizar por conta propia. Ao final de cada trimestre realizaranse probas parciais que serán convocadas debidamente polo departamento. Ditas convocatorias e probas terán carácter oficial e único, e a non asistencia a elas terá carácter inescusable, salvo motivos de causa maior.

Os alumnos e alumnas deberán responder necesariamente a todas e cada unha das cuestións que se lles propoñan nos exercicios.

As actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes serán anteriores a cada unha das tres avaliacións do curso académico.

Os alumnos terán que obter unha nota en ditas convocatorias igual ou superior a cinco (5) sobre dez (10) para aprobar grego 1.

No caso de non superar a materia, poderán presentarse á un exame final na convocatoria extraordinaria en xuño con cuestións similares ás das probas trimestrais. Para aprobar hai que obter un cinco (5) sobre dez (10).

A xefa de Departamento estará a disposición dos alumnos/as que o desexen para aclararlles dúbidas e orientarlles no seu estudo.